

Modalidades na xubilación



Xubilación parcial por contrato relevo para as persoas traballadoras que non traballan na industria manufactureira

As actividades laborais que non están encadradas no grupo C do CNAE “industria manufactureira”, afectan ao 84% das persoas traballadoras do Estado español. Desde a CIG xa temos analizado dabondo a perda de dereitos e afondamento nas desigualdades que trae a aprobación do RDL 20/2018 do 7 de decembro. Mais tamén detectamos nos diferentes sectores que non están encadrados na industria manufactureira a asunción de que todas as actividades laborais que non están encadradas neste grupo do CNAE non se poderán xubilar por esta modalidade. Aínda que os requisitos se endurecen, a xubilación parcial por contrato relevo é posible para as persoas traballadoras con moitos anos nos cadros de persoal, e é unha ferramenta necesaria para rexuvenecer estes.

A xubilación parcial por contrato relevo para o resto de actividades que non son industria manufactureira queda da seguinte maneira:

Xornada: a persoa traballadora ten que ter contrato a xornada completa. Asímílanse as persoas contratadas a tempo parcial cuxas xornadas, en conxunto, equivallan en días teóricos aos de quen traballa a tempo completo comparable. En todos os empregos deben cumprirse os requisitos de antigüidade, redución de xornada e contratación.

Idade: Se tes a condición de mutualista, a xubilación será aos 60 anos. En caso contrario, o requisito de idade aplicarase de forma gradual desde o ano 2013 ao 2027, en función dos períodos cotizados.

ANO	Idade exixida segundo períodos cotizados no momento do feito causante	Idade exixida con 33 anos cotizados no momento do feito causante	
2019	61 anos e 8 meses	34 anos e 9 meses	62 anos e 4 meses
2020	61 anos e 10 meses	35 anos ou máis	62 anos e 8 meses
2021	62 anos	35 anos e 3 meses	63 anos
2022	62 anos e 2 meses	35 anos e 6 meses	63 anos e 4 meses
2023	62 anos e 4 meses	35 anos e 9 meses	63 anos e 8 meses
2024	62 anos e 6 meses	36 anos ou máis	64 anos
2025	62 anos e 8 meses	36 anos e 3 meses	64 anos e 4 meses
2026	62 anos e 10 meses	36 anos e 3 meses ou máis	64 anos e 5 meses
2027 e seguintes	63 anos	36 anos e 6 meses	65 anos

Redución de xornada: está comprendida entre un mínimo do 25% e un máximo do 50%. Se o contrato de revencemento fose a xornada completa e indefinido, a redución será do 75% sempre que se cumpran o resto de requisitos.

Base de cotización da persoa relevista: Non poderá ser inferior ao 65% da base de cotización da persoa que se xubile parcialmente.

Cotizacións: ter cotizado un período de 33 anos; non se ten en conta a parte correspondente ás pagas extraordinarias. O servizo militar obrigatorio e a prestación social substitutoria só se computa durante un tempo máximo dun ano. No caso de

ter unha discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%, os anos de cotización necesarios serán 25.

Antigüidade: Superior a seis anos na empresa. Tamén conta a antigüidade anterior que teña a persoa traballadora se se producise unha sucesión de empresa nos termos do artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, ou en empresas pertencentes ao mesmo grupo.

Cotización durante a xubilación: aplicarase a cotización que corresponde a xornada completa. Isto farase de forma gradual segundo as porcentaxes calculadas sobre a base de cotización a xornada completa desta escala:

ANO	Base de cotización equivalente a
2019	80% da base de cotización a xornada completa
2020	85% da base de cotización a xornada completa
2021	90% da base de cotización a xornada completa
2022	95% da base de cotización a xornada completa
2023	100% da base de cotización a xornada completa

Xubilación parcial por contrato relevo para as persoas traballadoras que traballan na “industria manufactureira”

Seguirase aplicando a regulación para a modalidade de xubilación parcial con simultánea celebración de contrato de relevo, vixente con anterioridade á entrada en vigor da reforma das pensións aprobada polo goberno do PSOE, CCOO, UGT e patronal na Lei 27/2011, a todas as pensións causadas antes do 1 de xaneiro de 2023, sempre e cando se acredite o cumprimento dos seguintes requisitos:

Funcións: Que a persoa traballadora que solicite o acceso á xubilación parcial realice directamente funcións que requiran esforzo físico ou alto grao de atención en tarefas de fabricación, elaboración ou transformación, así como nas de montaxe, posta en funcionamento, mantemento e reparación especializados de maquinaria e equipo industrial en empresas clasificadas como “industria manufactureira”.

Antigüidade: Que a persoa traballadora que solicite o acceso á xubilación parcial acredite un período de antigüidade na empresa de, polo menos, seis anos inmediatamente anteriores á data da xubilación parcial. Para ese efecto, computarase a antigüidade acreditada na empresa anterior se mediase unha sucesión de empresa nos termos previstos no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, ou en empresas pertencentes ao mesmo grupo.

Emprego indefinido: Que no momento do feito causante da xubilación parcial a porcentaxe de persoas traballadoras na empresa cuxo contrato de traballo sexa por tempo indefinido, supere o 70 por cento do total do cadro de persoal.

Redución de xornada: Que a redución da xornada de traballo da persoa xubilada parcial estea comprendida entre un mínimo dun 25 por cento e un máximo do 67 por cento, ou do 80 por cento para os supostos en que o relevista sexa contratado a xornada completa mediante un contrato de duración indefinida. As devanditas porcentaxes entenderanse referidas á xornada dunha persoa traballadora a tempo completo comparable.

Bases cotización do/a relevista: Que exista unha correspondencia entre as bases de cotización da persoa traballadora relevista e da/o xubilada/o parcial, de modo que a persoa traballadora relevista non poderá ter unha base de cotización inferior ao 65 por cento da media das bases de cotización correspondentes aos seis últimos meses do período de base reguladora da pensión de xubilación parcial.

Período de cotización: Que se acredite un período de cotización de 33 anos na data do feito causante da xubilación parcial, sen que para estes efectos se teña en conta a parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

No suposto de persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento, o período de cotización exixido será de 25 anos.

Actividades que están encadradas no grupo c do CNAE:

- 10.- Industria da alimentación
- 11.- Fabricación de bebidas
- 12.- Industria do tabaco

- 13.- Industria téxtil
- 14.- Confección de pezas de vestir
- 15.- Industria do coiro e do calzado
- 16.- Industria da madeira e da cortiza, excepto mobles; cestería e espartería
- 17.- Industria del papel
- 18.- Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
- 19.- Coquerías e refino de petróleo
- 20.- Industria química
- 21.- Fabricación de produtos farmacéuticos
- 22.- Fabricación de produtos do caucho e plásticos
- 23.- Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
- 24.- Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes
- 25.- Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo
- 26.- Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
- 27.- Fabricación de material e equipo eléctrico
- 28.- Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p.
- 29.- Fabricación de vehículos

- de motor, remolques e semirremolques
- 30.- Fabricación doutro material de transporte
- 31.- Fabricación de mobles
- 32.- Outras industrias manufactureiras
- 33.- Reparación e instalación de maquinaria e equipo

Criterio do INSS na xubilación parcial: A persoa traballadora terá que acreditar que realiza tarefas que requiren esforzo físico no marco da súa profesión habitual, durante os 12 meses anteriores ao feito causante da xubilación parcial. Para acreditalo deberá achegar, xunto coa solicitude da xubilación parcial, a certificación da empresa avalada polo correspondente servizo de prevención de riscos laborais, acreditada do posto de traballo desempeñado e das condicións requiridas para o efecto.

No relativo á porcentaxe de traballadores/as con contrato indefinido superior ao 70% do total do cadro de persoal, non se computarán en ningún caso os contratos concertados con aquelas persoas traballadoras que acceden á xubilación parcial, acreditándose na data do feito causante

Xubilación de mutualistas

As persoas traballadoras que cotizaron ás Mutualidades Laborais antes de xaneiro de 1967 teñen a posibilidade de xubilárense anticipadamente aos 60 anos sempre que cumpran os requisitos xerais para acceder á pensión de xubilación do sistema da Seguridade Social actual.

Base reguladora: aplícanse certos coeficientes reductores. Se se accede desde cesamento voluntario:

- Un 8% por cada ano ou fracción que lle quede ata os 65 anos.
- Se cotizou máis de 30 anos e o cesamento da actividade laboral non é imputable á persoa traballadora (cesamento involuntario), as porcentaxes de redución da contía da pensión serán, en función dos anos completos cotizados, entre 7,5 e 6% por ano ou fracción que se adiante a idade de xubilación.

Xubilación de clases pasivas

Persoas beneficiarias: Aquelas que accederon ao funcionariado **antes do 31 de decembro de 2010**; todas as persoas que pertencen ao Réxime de Clases pasivas depende do Ministerio de Facenda, e é nese réxime onde cotizan para ter dereito a pensión. As persoas funcionarias que accederon desde o ano 2011 dependen para as pensións do Réxime Xeral da Seguridade Social.

Dereito: Para ter dereito a pensión ordinaria de xubilación é necesario completar un período mínimo de 15 anos efectivos de servizo ao estado.

Calculo: Determinarase aplicando o “haber regulador” segundo o Corpo ou categoría de funcionario, a porcentaxe establecida en función do número de anos completos de servizos efectivos ao Estado. As normas de revalorización establecen anualmente un límite máximo de percepción para as pensións públicas, que non pode ser superado pola pensión ou a suma das pensións públicas que perciba un mesmo beneficiario/a. Durante o ano 2019, a devandita contía ascende a 2.659,41 euros íntegros en cómputo mensual (14 mensuralidades), 37.231,74 euros en cómputo anual.

Haber regulador para o ano 2019	
Grupo / Subgrupo EBEP	Haber regulador (euros /ano)
A1	41.807,75
A2	32.903,75
B2	8.812,57
C1	25.270,64
C2	19.993,26
E (Lei 30/1984) e Agrupacións profesionais (EBEP)	17.045,86

Á base ou haber regulador que corresponda aplicaráselle a porcentaxe que proceda de acordo coa seguinte escala:

Anos de servizo	Porcentaxe	Anos de servizo do regulador	Porcentaxe do regulador	Anos de servizo do regulador	Porcentaxe
1	1,24%	13	22,10%	25	63,46%
2	2,55%	14	24,45%	26	67,11%
3	3,88%	15	26,92%	27	70,77%
4	5,31%	16	30,57%	28	74,42%
5	6,83%	17	34,23%	29	78,08%
6	8,43%	18	37,88%	30	81,73%
7	10,11%	19	41,54%	31	85,38%
8	11,88%	20	45,19%	32	89,04%
9	13,73%	21	48,84%	33	92,69%
10	15,67%	22	52,52%	34	96,35%
11	17,71%	23	56,15%	35 ou máis	100%
12	19,86%	24	59,81%		

Cómputo recíproco de cotizacións de cotas entre réximes da Seguridade: a solicitude da persoa interesada, pódese totalizar os períodos de cotización sucesivos ou alternativos que se acrediten no Réxime de Clases Pasivas do Estado e nos réximes da Seguridade Social, tanto para a adquisición do dereito a pensión como para

determinar a porcentaxe aplicable para o cálculo desta. Cando corresponda o recoñecemento da pensión ao Réxime de Clases Pasivas, os períodos de cotización que se totalicen, acreditados noutro réxime, entenderanse como prestados no grupo ou categoría que resulte de aplicar a seguinte táboa de equivalencias:

Seguridade Social	Clases Pasivas
grupo 1 + Autónomos licenciados/as e enxeñeiros/as	A1
grupo 2 + Autónomos Enxeñeiros/as Técnicos e peritos	A2
grupos 3, 4, 5, 8 e Autónomos en xeral	C1
grupo 7 e 9	C2
grupos 6, 10, 11, 12 e empregados/as do fogar	E agrupacións profesionais

Xubilación forzosa

Declárase de oficio ao cumprir os 65 anos de idade, coa excepción das persoas funcionarias dos corpos docentes universitarios, que é aos 70 anos.

Xubilación voluntaria

Idade: As persoas funcionarias públicas incluídos no Réxime de Clases Pasivas poden xubilarse voluntariamente desde que cumpran os 60 anos de idade.

Anos necesarios: ter recoñecidos 30 anos de servizos ao Estado. Se para completar os trinta anos exibibles tivesen que se computar cotizacións a outros réximes de protección social por aplicación das normas sobre cómputo recíproco de cotas entre réximes de Seguridade Social (Real Decreto 691/1991, do 12 de abril), requirirase, cando a xubilación sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2011, que os últimos cinco anos de servizos computables para a determinación da pensión de xubilación estean cubertos no Réxime de Clases Pasivas do Estado.

Excepcións: este requisito non será de aplicación ás persoas funcionarias da Administración do Estado en servizo activo, servizos especiais, excedencia por coidado de familiares e excedencia por razón de violencia de xénero que, como consecuencia da superación dos procesos de acceso e promoción regulados na normativa xeral de función pública, cambien de réxime de protección social.

Solicitude: diante da Delegación Provincial de Educación respectiva con, polo menos, tres meses de antelación con respecto á data na que queira xubilarse.

Por incapacidade permanente para o servizo:

Declárase, de oficio ou a instancia de parte, cando a persoa interesada veña afectada por unha "lesión ou proceso patolóxico, somático ou psíquico que estea estabilizado e sexa irreversible ou de remota ou incerta reversibilidade, que a imposibilite totalmente para o desempeño das funcións propias do seu corpo, escala, praza ou carreira".

Prexubilación aos 61 anos

Poderán acceder á xubilación anticipada as persoas traballadoras que reúnan os seguintes requisitos:

1. Estar de alta ou situación asimilada á alta.
2. Ter 61 anos de idade real. Para tal efecto, non serán de aplicación as bonificacións de idade, das que poidan beneficiarse as persoas traballadoras dalgúns sectores profesionais pola realización de actividades penosas, tóxicas, perigosas ou insalubres e as persoas con discapacidade igual ou superior ao 45% ou o 65%.
3. Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de:
 - a. **30 anos**, sen ter en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias nin o aboamento de anos e días de cotización por cotizacións anteriores ao 01-01-1967. O servizo militar obrigatorio e a prestación social substitutoria só se computa durante un tempo máximo dun ano.
 - b. Do período de cotización, polo menos **2 anos deberán estar comprendidos dentro dos 15 inmediatamente anteriores** ao momento de causar o dereito ou ao momento en que cesou a obriga de cotizar, se accedese á pensión de xubilación anticipada desde unha situación de alta ou asimilada á alta sen obriga de cotizar.
 - c. No caso de persoas traballadoras contratadas a tempo parcial, para acreditar o período mínimo de cotización de 35 anos, aplicaranse, a partir de 04-08-2013, as regras establecidas no Real Decreto-lei 11/2013, do 2 de agosto.
4. Estar inscritos e inscritas como demandantes de emprego durante un prazo mínimo de 6 meses anteriores a data da solicitude de xubilación.
5. Que a causa da extinción do traballo non sexa imputable á persoa traballadora e se producise por algunha destas causas:
 - a) Despedimento colectivo adoptado ao abeiro do artigo 51 do ET ou procedemento concursal.
 - b) Por morte, xubilación ou incapacidade do empresario/a individual.
 - c) Despedimento improcedente
 - d) Despedimento por causas obxectivas.

- e) Por resolución voluntaria por parte das persoas traballadoras, nos supostos previstos nos artigos 40, 41.3, 49.1.m) e 50 do ET.

O requisito de estar inscrito/a nas oficinas de emprego durante polo menos 6 meses e que o cesamento do traballo non se producise por causa imputable á persoa traballadora non serán exixibles naqueles supostos nos que o empresario/a, en virtude de obriga adquirida mediante acordo colectivo ou contrato individual de prexubilación, aboase á persoa traballadora tras a extinción do seu contrato de traballo, e nos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de xubilación anticipada, unha cantidade que, en cómputo global, represente un importe mensual non inferior ao resultado de sumar a cantidade que lle correspondese en concepto de prestación por desemprego e a cota que aboase ou, de ser o caso, a cota de maior contía que poida aboar en concepto de convenio especial coa Seguridade Social.

Tamén accederán á xubilación, cumpridos os requisitos exixidos nos apartados 1, 2 e 3, sempre que á extinción da relación laboral anterior a precedese algunha das causas sinaladas no apartado anterior:

1. As persoas beneficiarias da prestación de desemprego, cando esta se extinga por esgotamento do prazo de duración da prestación ou por pasar a ser pensionista de xubilación, de conformidade co sinalado nas letras a) e e), apartado 1, do artigo 272 da LGSS.
2. As persoas beneficiarias do subsidio por desemprego, de nivel asistencial, maiores de 52 anos.
3. As persoas traballadoras maiores de 52 anos que non reúnan os requisitos para acceder ao subsidio por desemprego de maiores da devandita idade, unha vez esgotada a prestación por desemprego, e continúen inscritas nas oficinas do servizo de emprego.

Non será exixible ao cumprimento dos requisitos 3 e 4, cando se trate de persoas traballadoras ás que a empresa, en virtude de obriga adquirida en acordo colectivo, abandonase, como mínimo, durante 2 anos anteriores á data da solicitude da xubilación, unha cantidade que, en cómputo global, non sexa inferior ao resultado de multiplicar por 24 a suma dos seguintes importes:

- A contía mensual da prestación que correspondese á persoa traballadora en concepto de prestación contributiva por desemprego, de acceder á situación legal de desemprego, na data da extinción do contrato de traballo.
- O importe mensual da cota satisfeita pola persoa traballadora no convenio especial suscrito por aquela.

Para a acreditación do cumprimento deste requisito, a empresa emitirá unha certificación na

que consten as cantidades aboadas á persoa traballadora, en virtude de obriga adquirida mediante acordo colectivo, polo menos durante 2 anos inmediatamente anteriores á data de xubilación, así como as bases de cotización por desemprego dos 180 días inmediatamente anteriores á baixa na empresa. A persoa traballadora, xunto coa solicitude da pensión de xubilación, presentará a certificación da empresa na entidade xestora correspondente.

Xubilación anticipada voluntaria

Persoas beneficiarias: Accederán a esta modalidade de xubilación anticipada as persoas traballadoras, incluídas en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social, que reúnan os seguintes requisitos:

Idade: cumprir unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade exixida que resulte de aplicación en cada caso, sen que para estes efectos resulten de aplicación as bonificacións de idade dalgúns sectores profesionais pola realización de actividades penosas, tóxicas, perigosas ou insalubres e as persoas con discapacidade igual ou superior ao 45% ou ao 65%.

Situación laboral: Estar de alta ou situación asimilada á alta.

Cotización: Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de:

- 35 anos, sen contar a parte proporcional por pagas extraordinarias nin o aboamento de anos e días de cotización por cotizacións anteriores ao 01-01-1967. O servizo militar obrigatorio e a prestación social substitutoria só computará durante un tempo máximo dun ano.
- Do período de cotización, polo menos **2 anos estarán comprendidos dentro dos 15 inmediatamente anteriores** ao momento de causar o dereito ou ao momento en que cesase

a obriga de cotizar, se accedese á pensión de xubilación anticipada desde unha situación de alta ou asimilada á alta sen obriga de cotizar.

- No caso de persoas traballadoras contratadas a tempo parcial, para acreditar o período mínimo de cotización de 35 anos, aplicaranse, a partir de 04-08-2013, as regras establecidas no Real Decreto-lei 11/2013, do 2 de agosto.

Importe da pensión: Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos, o importe da pensión a percibir resultará superior á contía da pensión mínima que correspondería á persoa interesada pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. En caso contrario, non se accederá a esta fórmula de xubilación anticipada.

Contía: A contía da pensión determinarase aplicando á base reguladora a porcentaxe xeral que corresponda en función dos anos cotizados e o coeficiente reductor que corresponda.

Coefficientes redutores: A contía que resulte será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre que, no momento do feito causante, lle falte á persoa traballadora para cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación, dos seguintes coeficientes en función do período de cotización acreditado:

COEFICIENTE A APLICAR	PERÍODO DE COTIZACIÓN NECESARIO
2 % por trimestre (8% por ano)	Inferior a 38 anos e 6 meses
1,875% por trimestre (7,5% por ano)	Superior a 38 anos e 6 meses e inferior a 41 anos e 6 meses
1,750% por trimestre (7% ano)	Superior a 41 anos e 6 meses e inferior a 41 anos e 6 meses
1,625% por trimestre (6,5% por ano)	Igual ou superior a 44 anos e 6 meses

Para os exclusivos efectos de determinar a devandita idade legal de xubilación, considerárase como tal a que lle correspondera á persoa traballadora ao seguir cotizando durante o prazo comprendido entre a data do feito causante e o cumprimento da idade legal de xubilación que en cada caso resulte de aplicación.

Para o cómputo dos períodos de cotización tomaranse períodos completos, sen que se equipare a un período a fracción deste.

Límite da contía: Unha vez aplicados os referidos coeficientes redutores, o importe resultante da pensión non será superior á contía que resulte de reducir o tope máximo de pensión nun 0,50 por 100 por cada trimestre ou fracción de trimestre de anticipación.

O coeficiente do 0,50 por 100 a que se refire o apartado anterior non se aplicará nos seguintes supostos:

- a. Cando se trate de xubilacións causadas ao abeiro do establecido na norma 2ª do apartado 1 da disposición transitoria cuarta da Lei Xeral da Seguridade Social.
- b. Nos casos de xubilacións anticipadas, en relación cos grupos ou actividades profesionais

cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, ou se refiran a persoas con discapacidade.

Feito causante:

O día do cesamento na actividade laboral, cando a persoa traballadora está en alta. Ou o día de presentación da solicitude, nas situacións asimiladas á de alta.

Efectos económicos:

Persoas traballadoras en alta: Desde o día seguinte ao do cesamento no traballo, cando a solicitude se presentase dentro dos 3 meses seguintes a aquel ou con anterioridade a este. Noutro caso, devindicárase cunha retroactividade máxima de 3 meses desde a data de presentación da solicitude.

Persoas traballadoras en situación asimilada á de alta: Desde o día seguinte ao da solicitude ou cando se produza o feito causante, segundo sexa a situación asimilada de que se trate.

Xubilación anticipada forzosa ou xubilación anticipada derivada do cesamento non voluntario no traballo

A partir de 17-03-2013, establécese esta nova modalidade de xubilación anticipada que se aplicará aos feitos causantes producidos a partir da devandita data, agás nos casos en que resulte de aplicación o establecido na disposición final 12.2 da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Persoas beneficiarias / requisitos: Accederán a esta modalidade de xubilación anticipada as persoas traballadoras que reúnan os seguintes requisitos:

Idade: cumprir unha idade que sexa inferior en catro anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación, sen que para estes efectos resulten de aplicación as bonificacións de idade, das que se beneficiarán as persoas traballadoras dalgúns sectores profesionais pola realización de actividades penosas, tóxicas, perigosas ou insalubres e as persoas con discapacidade igual

ou superior ao 45% ou ao 65%.

Situación laboral: Estar inscritos/as nas oficinas de emprego como demandantes de emprego durante un prazo de, polo menos, **seis meses** inmediatamente anteriores á data da solicitude da xubilación (situación asimilada á alta).

Cotización: Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de:

- **33 anos**, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias nin o aboamento de anos e días de cotización por cotizacións anteriores ao 1-1-67. O servizo militar obrigatorio e a prestación social substitutoria só computarán durante un tempo máximo dun ano.
- Do período de cotización, polo menos **2 anos estarán comprendidos dentro dos 15**

inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito ao momento no que cesase a obriga de cotizar, se accedese á pensión de xubilación anticipada desde unha situación de alta ou asimilada á alta sen obriga de cotizar.

- **No caso de persoas traballadoras contratados a tempo parcial**, para acreditar o período mínimo de cotización de 33 anos, aplicaranse, a partir do 04-08-2013, as regras establecidas no Real Decreto-lei 11/2013, do 2 de agosto.

Causas de extinción que dan dereito a xubilación:

Que o cesamento no traballo se producise como consecuencia dunha situación de reestruturación empresarial que impida a continuidade da relación laboral. Para estes efectos, as causas de extinción do contrato de traballo que darán dereito ao acceso a esta modalidade de xubilación anticipada serán as seguintes:

- O despedimento colectivo** por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme ao artigo 51 do ET.
- O despedimento obxectivo** por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme ao artigo 52.c) do ET.
- A extinción do contrato por resolución xudicial**, conforme ao artigo 64 da Lei Concursal.
- A morte, xubilación ou incapacidade do empresario/a individual**, sen prexuízo do disposto no artigo 44 do ET, ou a extinción da personalidade xurídica do contratante.
- A extinción do contrato de traballo** motivada pola existencia de **forza maior** constatada

pola autoridade laboral conforme ao establecido no artigo 51.7 do ET.

Documentación necesaria: Nos supostos contemplados nas letras a e b, será necesario, ademais, que a persoa traballadora acredite, mediante documento da transferencia bancaria recibida ou documentación acreditativa equivalente, percibir a indemnización correspondente derivada da extinción do contrato de traballo ou interpoñer demanda xudicial en reclamación da devandita indemnización ou de impugnación da decisión extintiva.

A percepción da indemnización acreditarase mediante documento da transferencia bancaria recibida ou documentación acreditativa equivalente.

Mulleres vítimas de violencia machista: A extinción da relación laboral da muller traballadora como consecuencia de ser vítima da violencia de xénero dará acceso a esta modalidade de xubilación anticipada.

Contía: A contía da pensión determínase aplicando á base reguladora a porcentaxe xeral que corresponda en función dos anos cotizados e o coeficiente reductor que corresponda.

Coefficientes reductores: A contía que resulte será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre que, no momento do feito causante, lle falte á persoa traballadora para cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación, dos seguintes coeficientes en función do período de cotización acreditado:

COEFICIENTE A APLICAR	PERÍODO DE COTIZACIÓN NECESARIO
1,875 % por trimestre (7,5% por ano)	Inferior a 38 anos e 6 meses
1,70% por trimestre (7% por ano)	Superior a 38 anos e 6 meses e inferior a 41 anos e 6 meses
1,625% por trimestre (6,5% ano)	Superior a 41 anos e 6 meses e inferior a 41 anos e 6 meses
1,5% por trimestre (6% por ano)	Igual ou superior a 44 anos e 6 meses

Determinación da idade real de xubilación:

Para os exclusivos efectos de determinar a devandita idade legal de xubilación, considerase como tal a que lle correspondese á persoa traballadora de seguir cotizando durante o prazo comprendido entre a data do feito causante e o cumprimento da idade legal de xubilación que en cada caso resulte de aplicación.

Para o cómputo dos períodos de cotización tomaranse períodos completos, sen que se equivale a un período a fracción deste.

Límite da contía: Unha vez aplicados os referidos coeficientes reductores, o importe resultante da pensión non será superior á contía que resulte de reducir o tope máximo de pensión en un 0,50 por 100 por cada trimestre ou fracción de trimestre de anticipación.

O coeficiente do 0,50 por 100 a que se refire o apartado anterior non será de aplicación nos seguintes supostos:

- a. Cando se trate de xubilacións causadas ao abeiro do establecido na norma 2ª do apartado 1 da disposición transitoria cuarta da Lei Xeral de la Seguridade Social.

- b. Nos casos de xubilacións anticipadas, en relación cos grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, ou se refiran a persoas con discapacidade.

Xubilación especial aos 64 anos

Este tipo de xubilación reduce a idade mínima de xubilación requirida de 65 a 64 anos, sen a aplicación de coeficientes de redución de idade, o que permite que a persoa traballadora empregada acceda á pensión de xubilación cos dereitos económicos que alcanzaría aos 65 anos.

Esta modalidade desaparece a partir do 01/01/2013, aínda que se manterá para os que resulten da aplicación establecida na disposición final 12.2 da Lei 27/2011, do 1 de agosto que di:

A regulación da pensión de xubilación seguirá aplicándose nas súas diferentes modalidades, requisitos de acceso, condicións e regras de determinación das prestacións, vixentes antes da entrada en vigor da lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do Sistema de seguridade social, ás pensións de xubilación que se producen antes do 1 de xaneiro de 2020, nos seguintes casos:

- a) *As persoas cuxa relación laboral se extinguiuse antes do 1 de abril de 2013, sempre que despois da devandita data non volvan quedar incluídas en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social.*
- b) *As persoas con relación laboral suspendida ou extinguida como consecuencia das decisións tomadas nos procedementos de regulación de emprego, ou a través de convenios colectivos de calquera ámbito, acordos colectivos de empresa así como decisións tomadas en procedementos concursais, aprobados, subscritos ou declarados antes do 1 de abril do 2013, sempre que se produza a extinción ou suspensión da relación laboral antes do 1 de xaneiro de 2020. Será unha condición indispensable que os convenios colectivos indicados de empresa estean debidamente rexistrados no Instituto*

Nacional da Seguridade Social ou no Instituto Social da Mariña, ou de ser o caso, dentro do prazo que regulamentariamente se determine.

- c) *Non obstante, as persoas ás que se refiren os apartados anteriores tamén poderán optar por que se aplique, para o recoñecemento do seu dereito a pensión, a lexislación vixente na data do feito causante que provoca este.*

*** NOTA:** *apartado modificado pola disposición final segunda vinte e oito, do Real Decreto-lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego.*

Persoas beneficiarias: Persoas traballadoras por conta allea pertencentes a empresas que, en virtude de convenio colectivo ou un pacto, as substitúe ao tempo do seu cesamento por xubilación por outras persoas traballadoras, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos exixidos:

Requisitos da persoa traballadora:

1. Ter 64 anos de idade real.
2. Non se terán en conta as bonificacións por traballos penosos ou por discapacidade (art. bis LXSS).
3. Reunir os demais requisitos xerais exixidos para causar dereito a xubilación normal ou ordinaria: estar en alta ou en situación asimilada á de alta no réxime correspondente e acreditar o período mínimo de cotización.
4. Pertencer a unha empresa que, en virtude de convenio ou pacto, estea obrigada a substituír, simultaneamente, a persoa traballadora que se xubila por outra que estea inscrita como desempregado/a na correspondente Oficina de Emprego.

Requisitos do contrato da persoa que substitúe o xubilado/a: En relación coa empresa, o contrato para substituír a persoa traballadora que se xubila:

1. Debe cumprir os requisitos e condicións exixidos pola normativa específica da modalidade de contratación elixida, que pode ser calquera das legalmente previstas, excepto a contratación a tempo parcial e a contratación eventual por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos.
2. Debe ter unha duración mínima dun ano.
3. Formalízase por escrito debendo constar o nome da persoa traballadora a que substitúe.
4. Rexistrarse na Oficina de Emprego correspondente, onde se depositará un exemplar; outro exemplar entregarase á persoa traballadora que se xubila para que o presente ante a Entidade xestora cando solicite a pensión de xubilación.

Requisitos e obrigas das empresas: Se durante a vixencia do contrato se produce o cesamento da persoa traballadora, o empresario/a debe substituílo/a, no prazo máximo de 15 días, por outra persoa traballadora desempregada e polo tempo que reste para alcanzar a duración mínima

do contrato, agás supostos de forza maior.

En caso de incumprimento, o empresario/a aboará á Entidade xestora o importe da prestación de xubilación devindicado desde o momento do cesamento da persoa traballadora contratada e ata alcanzar a duración mínima dun ano desde a primeira contratación ou mentres subsista o incumprimento.

Contía: A contía da pensión será a que correspondese á persoa traballadora de cumprir os 65 anos (non se aplican coeficientes redutores).

Feito causante: O día do cesamento no traballo, sempre que se producise o cesamento efectivo no traballo e a simultánea contratación da nova persoa traballadora.

Efectos económicos: O día seguinte ao feito causante, se a solicitude se presentase dentro dos 6 meses anteriores ou dentro dos 3 meses posteriores ao cesamento no traballo.

Retroactividade máxima de 3 meses contados desde a data de presentación de solicitude, se a solicitude se presentase transcorridos máis de 3 meses desde o cesamento no traballo.

Xubilación ordinaria

Persoas beneficiarias: Terán dereito á pensión de xubilación ordinaria as persoas incluídas no Réxime Xeral que, cos requisitos particulares exixidos, estean afiliadas e en alta no Réxime ou en situación de alta ao sobrevivir a xubilación, e ademais reúnan as seguintes condicións:

Idade da xubilación: Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización. As idades de xubilación e o período de cotización, así como as referencias á idade, aplicaranse de forma gradual, nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados necesarios	Idade exixida	Idade exixida sen os períodos cotizados necesarios
2019	36 anos e 9 meses ou máis	65 anos	65 anos e 8 meses
2020	37 anos ou máis	65 anos	65 anos e 10 meses
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos	66 anos
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos	66 anos e 2 meses
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos	66 anos e 4 meses
2024	38 anos ou máis	65 anos	66 anos e 6 meses
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos	66 anos e 8 meses
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos	66 anos e 10 meses
2027	38 anos e 6 meses ou máis	65 anos	67 anos

A idade de sesenta e sete anos aplicarase gradualmente tendo en conta a máis elevada das establecidas para cada ano no cadro anterior.

Para o cómputo dos períodos de cotización tomaranse anos e meses completos, sen que se equiparen a eles as fraccións destes.

Período mínimo de cotización: 15 anos, dos cales polo menos 2 estarán comprendidos dentro dos 15 inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito. Para efectos do cómputo dos anos cotizados, non se terá en conta a parte proporcional correspondente ás pagas extraordinarias.

Nos supostos en que se accedese á pensión de xubilación desde unha situación de alta ou asimilada á de alta, sen obriga de cotizar, o período de 2 anos a que se refire o parágrafo anterior deberá estar comprendido dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores á data en que cesase a obriga de cotizar.

Suposto especial: Tamén terá dereito á pensión de xubilación que estea en situación de prolongación de efectos económicos da incapacidade temporal e reúna as condicións de idade e cotización necesarias.

A pensión de xubilación causarase, aínda que as persoas interesadas non estean no momento do feito causante en alta ou situación asimilada á de alta, sempre que reúnan os requisitos de idade de cotización. Neste suposto, para causar pensión no Réxime Xeral e noutros do sistema da Seguridade Social será necesario que as cotizacións acreditadas en cada un deles se superpoñan, polo menos, durante 15 anos.

Cálculo da base reguladora da pensión de xubilación: A reforma das pensións aplica o cálculo da base reguladora de forma gradual do seguinte xeito:

ANO	BASE DE COTIZACIÓN NECESARIA PARA O CÁLCULO
A partir de xaneiro do 2019	Dividir por 308 as bases de cotización durante os 264 meses (22 anos) inmediatos á xubilación.
A partir de xaneiro do 2020	Dividir por 322 as bases de cotización durante os 276 meses (23 anos) inmediatos á xubilación.
A partir de xaneiro do 2021	Dividir por 336 as bases de cotización durante os 288 meses (24 anos) inmediatos á xubilación.
A partir de xaneiro do 2022	Dividir por 350 as bases de cotización durante os 300 meses (25 anos) inmediatos á xubilación.

Supostos especiais para as persoas traballadoras que perderon o traballo durante a crise.

Para as persoas que perderon o traballo dende o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2016:

Por causa non imputable á súa libre vontade e, a partir do cumprimento dos cincuenta e cinco anos de idade e polo menos durante vinte e catro meses, experimenten unha redución das bases de cotización respecto da acreditada con anterioridade á extinción da relación laboral, a base reguladora será o resultado de dividir por 280 as bases de cotización durante os **240 meses (20 anos)** inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante, sempre que resulte máis favorable que a que lle correspondese de acordo co establecido no cadro anterior.

Para as persoas que perderon o traballo dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2021:

Por causa non imputable á súa libre vontade e a partir do cumprimento dos cincuenta e cinco anos de idade, e polo menos durante vinte e catro meses, experimenten unha redución das bases de cotización respecto da acreditada con anterioridade á extinción da relación laboral, a base reguladora será o resultado de dividir por 350 as bases de cotización durante os **300 meses (25 anos)** inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante, sempre que resulte máis favorable que a que lle correspondese de acordo co establecido no cadro anterior.

